

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación da subministración, **“SUSP190101 - Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo - A-52. Subministración e instalación de luminarias (SUSP200101). Lote 1. Subministración e instalación de luminarias no Enlace da AG-53 coa AG-54. Lote 2. Subministración e instalación de luminarias no Enlace de AG-53 coa A-52 e OU-402”** cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma o Consello de Administración de SPI-Galicia, SA resolveu:

Primeiro.- Adxudicar o Contrato Aberto á empresa **Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L:**

LOTE 1. “Enlace da AG-53 coa AG-54”, por un importe de **dezaoito mil setenta e catro euros, con dezanove céntimos** (18.074,19 €), 21% do IVE incluído, e un prazo de garantía de 10 anos.

LOTE 2. “Enlace da AG-53 coa A-52 e OU-402”, por un importe de **trinta e oito mil cincocentos sete euros, con trece céntimos** (38.507,13 €), 21% do IVE incluído, e un prazo de garantía de 10 anos.

Segundo.- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

O Presidente de SPI Galicia, SA

Francisco Menéndez Iglesias

(asinado elctronicamente)

